

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C3-B-II-23-LF

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, le este artigo.

Toma as notas que precisas.

Na entrevista oral terás que:

- Resumir o texto.
- Falarlle sobre un tema á persoa examinadora.
- Conversar sobre o tema.

A revista Nós e Margot Sponer



O 30 de outubro de 1920 publicouse o primeiro número da revista Nós.

A revista Nós trata temas culturais e está escrita unicamente en galego.

A partir de 1920 esta revista publicárase unha vez ao mes.

A revista Nós supuxo un acontecemento moi importante da historia cultural de Galicia.

A revista Nós publicárona unha xeración de mozos que se empeñaron en facer algo pola cultura galega.

Estes mozos crían que tiñan a obriga e o deber social de crear cultura galega.

Estes rapaces, que eran uns inadaptados, sabían, mellor ca ninguén, que a cultura galega existía desde había séculos.

A cultura galega non estaba ben considerada e mesmo estaba deshonrada e abandonada.

A cultura galega críase que era propia do mundo rural, das feiras e festas populares. A cultura galega considerábase atrasada. Polo tanto, o que estes rapaces innovadores estaban a facer era un chamamento á necesidade de construír un grupo de persoas orgullosas da cultura galega.

A cultura de Galicia debía conservar a tradición sen esquecer a modernidade.

Así, a cultura galega podería igualarse a outras culturas do mundo, en especial á de Europa.

Para celebrar o centenario da revista Nós, houbo unha exposición durante todo o ano 2000 que circulou por diferentes cidades de Galicia.

Un dos feitos que puideron comprobar moitas das persoas que visitaron a exposición «Galicia, de Nós a nós» foi a ausencia case absoluta nos carteis de nomes de mulleres.

Moi poucas mulleres colaboraron na revista Nós durante os 15 anos en que se editou (1920-1935).

Nos carteis da exposición ofrecíase información sobre a revista Nós. A revista Nós deulle o nome a toda unha xeración de intelectuais galegos. É a nosa denominada Xeración Nós.

Ademais, na exposición quedaba claro algo importante da sociedade da época: as mulleres da vida académica e cultural case nunca aparecían.

No único cartel que na exposición se lles dedicou ás mulleres, chamaba a atención o nome exótico dunha muller: Margot Sponer. Margot Sponer publicou un texto e foi mencionada un par de veces na revista Nós.



Margot Spöner era unha moza filóloga da Universidade de Berlín que xa tivera conexións con España e Cataluña.

Chega a Galicia, en 1926, para estudar o galego contemporáneo. Como resultado do traballo que Margot Spöner realizou en Galicia, saíu a primeira tese de doutoramento presentada nunha universidade sobre a lingua galega.

Durante a súa investigación, Margot Spöner quixo aprender como era a lingua galega que se falaba naquel momento. Para ver como era o galego daquela época, visitou numerosos lugares, sempre escoitando con atención.

Tamén intentaba manter conversas coas persoas coas que se cruzaba. Nun artigo que escribiu para un xornal, contou que tivera algúns problemas para que lle falasen en galego: «Hei de facer notar que, en moitas ocasións, foime difícil alcanzar o que máis desexaba: que me falasen na verdadeira lingua galega e non en castelán».

A investigadora Spöner sinala que as persoas cambiaban do galego para o castelán cando falaban con ela porque sentían que estaban obrigadas a cambiar de lingua cando conversaban con persoas de clase social máis alta ou de maior cultura.

Por iso, Sponer víase obrigada a ser hábil e astuta. Sen desanimarse, usaba algún truco para conseguir que lle falasen en galego.

Sponer tamén conta que chegou a facerse pasar por unha persoa do mundo do cine que gravaba imaxes coa súa cámara para levalas a Bos Aires.

Margot Sponer ía aos sitios a pé, nalgún camión ou en tren, en vagóns de terceira clase, para poder escoitar as conversas da xente común e a maneira de falar a lingua coloquial ou da rúa.

Nunha feira, en Triacastela, unha aldea de Lugo, unha muller coa que empezou a falar pediulle que lle gardase a cocha mentres facía un recado.

A cocha é outra maneira de dicir a porca.

E alí agardou mentres os compradores que pasaban por onda ela lle preguntaban polo prezo do animal.

A Gestapo asasinou a Margot Sponer en 1945, poucos días antes da entrada das forzas aliadas en Berlín.

A Gestapo é a policía secreta oficial da Alemaña nazi.

Na Segunda Guerra Mundial había dous bandos:

- O bando das forzas aliadas: Francia, Polonia, Reino Unido, a Unión Soviética, China e Estados Unidos.
- Por outro lado, está o bando da Alemaña nazi, Xapón e Italia.

Aínda que non hai moitos datos sobre este acontecemento, parece ser que Margot Sponer formaba parte dalgún movemento de oposición ao réxime nazi.

Esta información aparece nunha biografía sobre unha das súas irmás, a física Hertha Sponer.

Unha biografía é un libro no que se narra a vida dunha persoa.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none">■ Como te chamas?■ A que te dedicas?■ De onde es? Fala un pouco sobre a túa cidade/vila/aldea...■ Canto tempo levas estudando galego? Por que o estudas?■ Que che gusta facer no tempo libre? Que afeccións tes? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que che gusta máis da cultura galega?■ Que diferenzas atopas entre a cultura galega e a túa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Fai un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none">■ Que se celebrou coa exposición «Galicia, de Nós a nós»?■ Cal foi a razón que trouxo a Margot Sponer a Galicia?■ Como realizaba Margot Sponer o seu traballo de investigación?	

3. EXPOSICIÓN

3-4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha **exposición de 2-3 minutos**, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu discurso e indicárselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opinas ti sobre isto? Estás de acordo? Paréche necesario? Queres engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero **EN NINGÚN CASO** se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.

Realiza unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A. A visita a unha exposición, un museo ou un monumento é unha boa maneira de aprender sobre a cultura dun país.
- B. A maioría das mulleres estiveron tradicionalmente fóra do ensino e da cultura.
- C. A xente sentía a obriga de cambiar do galego ao castelán cando falaba con persoas de clase social máis alta ou de maior cultura.
- D. Ás veces, as persoas de fóra valoran máis a cultura dun país ca as que naceron no propio país.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas **NON** consisten nun interrogatorio; son só suxestións e **DEBEN ADECUARSE**, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

A visita a unha exposición, un museo ou un monumento é unha boa maneira de aprender sobre a cultura dun país

- Coñecías a exposición «Galicia, de Nós a nós», que se fixo para celebrar o centenario da aparición da revista *Nós*? Que che parece que se fagan este tipo de exposicións? Por que?
- Cres que algunha amizade ou familiar teu tería interese en ir ver esta exposición? Que lle dirías para animar esa persoa a visitar a exposición?
- Na túa opinión, cal cres que debe ser hoxe a función da cultura? Serve para a formación das persoas ou simplemente é unha forma de entretemento? Por que?
- Acostumas visitar exposicións, museos, monumentos históricos...? Podes relatar algunha experiencia propia de visita? Dirías que foi positiva ou negativa? Por que?
- Pensas que hoxe as persoas temos tempo libre dabondo para ler, escoitar música, ir ao cine ou visitar exposicións e museos? Por que?
- Que tipo de produtos culturais consumes (cine, música, lectura...)? Por que?

(Se procede)

- Que diferenzas atopas entre Galicia e o teu lugar de orixe con respecto á forma de consumir produtos culturais? Por que?

OPCIÓN B

A maioría das mulleres estiveron tradicionalmente fóra do ensino e da cultura

- Pensas que actualmente as mulleres continúan a ser invisibles nalgúns ámbitos da sociedade? Por que?
- Coñeces algúns traballos que continúan prohibidos para as mulleres ou nos que estean pouco presentes? Cal? Por que?
- Como cambiou nas últimas décadas o papel das mulleres na sociedade? Destacarías algunha muller no campo da ciencia e da tecnoloxía? Cal?
- Consideras que as xeracións novas seguen diferenciando entre as profesións de homes e de mulleres? Por que?
- Que opinas sobre a presenza da muller en traballos que lle estiveron prohibidos no pasado? Coñeces persoas que opinen de forma diferente? Que din?
- No pasado, algúns labores eran propios de mulleres, especialmente os da casa. Consideras que isto segue sendo así? Por que?
- Coñecías o caso de Margot Sponer? Que destacarías da experiencia galega desta muller alemá?

(Se procede)

- Destacarías algunha diferenza entre Galicia e o teu lugar de orixe respecto da posición da muller no ensino e na ciencia?

OPCIÓN C

A xente sentía a obriga de cambiar do galego ao castelán cando falaba con persoas de clase social máis alta ou de maior cultura

- Cres que a xente actuaba así a comezos do século XX? Hoxe actúa de forma diferente? Por que?
- Cres que dúas linguas en contacto poden convivir sen problemas nunha comunidade? Por que? Coñeces outros casos de linguas en contacto? Cales?
- Paréceche que a lingua galega vive unha época de esplendor? Por que?
- Pensas que a presenza do galego nas escolas fixo que o prestixio desta lingua sexa maior hoxe? Por que?
- Que opinión che merece que se promocionen linguas como o galego, o éuscaro ou o catalán? Respecto disto, coñeces persoas que pensen de forma diferente a ti? Que din?
- Consideras que as novas xeracións están mellor formadas en Galicia con respecto ao coñecemento de linguas? Por que?

(Se procede)

- Percibes diferenzas entre Galicia e o teu lugar de orixe sobre os usos lingüísticos na sociedade e na escola? Cales?

OPCIÓN D

Ás veces, as persoas de fóra valoran máis a cultura dun país ca as que naceron no propio país

- Cres que esta afirmación pode aplicarse a Galicia? Por que?
- Pensas que as xeracións máis novas de galegos e galegas teñen unha visión máis positiva da cultura de Galicia ca as xeracións máis vellas? En que o percibes?
- Que transformacións ocorridas nas últimas décadas se poden apreciar respecto da cultura e da sociedade en Galicia? Destacarías algunha en concreto? Cal e por que?
- Consideras que as xeracións máis novas se senten máis atraídas por culturas procedentes doutros países que pola cultura propia? Por que?
- Pensas que nun futuro próximo todas as sociedades do mundo compartirán só a cultura estadounidense ou occidental? Por que?

(Se procede)

- Percibes diferenzas entre Galicia e o teu lugar de orixe sobre o apoio que recibe a cultura tradicional? Cales?

